

**PROXECTO
DE
XORNADA ÚNICA
DE MAÑÁ**

CURSO 2015 - 2016

CEIP EDUARDO PONDAL

PONTECESO



Tabla de contido

DENOMINACIÓN DO CENTRO E DATOS OFICIAIS	3
INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	4
XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO	5
XUSTIFICACIÓN LEGAL DA MODIFICACIÓN DA XORNADA ESCOLAR DO CENTRO.....	5
XUSTIFICACIÓN DA SESIÓN ÚNICA DE MAÑÁ.....	5
VANTAXES	5
ALUMNADO:	5
FAMILIAS:.....	6
OUTRAS VANTAXES:.....	6
NIVEIS EDUCATIVOS E PERSOAL DOCENTE	7
GRUPOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA FUNCIONANDO NO CURSO 2014 – 2015	7
PERSOAL DOCENTE:.....	8
NÚMERO DE ALUMNOS ESCOLARIZADOS.....	8
HORARIOS PROPOSTOS	9
HORARIO LECTIVO PROPOSTO PARA O CURSO 2015-2016:	9
CADRO DE HORARIO LECTIVO DE SETEMBRO A XUÑO	9
ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.....	9
OBXECTIVOS.....	10
OBXECTIVOS XERAIS:	10
PSICOLÓXICOS E PEDAGÓXICOS	10
ORGANIZATIVOS.....	11
DE TIPO SOCIAL	11
ORGANIZACIÓN DO CENTRO CO NOVO TIPO DE XORNADA	12
AGRUPAMENTO DO ALUMNADO.....	12
HORARIO DAS SESIÓNS DOCENTES	12
ORGANIZACIÓN DO PROFESORADO.....	13
ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....	14
HORARIO DO TRANSPORTE	14
HORARIO DE COMEDOR	14
ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES A REALIZAR UNHA VEZ IMPLANTADA A XORNADA ÚNICA.	15
HORARIO DA BIBLIOTECA.....	16
REFLEXIÓN FINAL	17



DENOMINACIÓN DO CENTRO E DATOS OFICIAIS

- Colexio de Educación Infantil e Primaria "Eduardo Pondal"
- Código do Centro: 15013291
- CIF: Q – 6555058 – D
- Enderezo: A Trabe 15110 Ponteceso - (A Coruña)
- Teléfono – fax: 981 71 40 71
- Enderezo electrónico: ceip.pondal.ponteceso@edu.xunta.es
- Páxina Web: www.edu.xunta.es/centros/ceippondalponteceso/



INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

No noso Proxecto Educativo propoñémosnos dar a mellor resposta educativa aos nosos alumnos e alumnas. Con esta premisa planificamos o mellor aproveitamento dos recursos dos que dispomos para ofrecer unha ensinanza de calidade, atendendo as necesidades individuais para que cada un dos nosos alumnos e alumnas poidan acadar satisfactoriamente o desenvolvemento das diferentes competencias clave.

Na actualidade, as institucións educativas deben estar abertas aos cambios que continuamente formula a sociedade actual. Hoxe en día atopámonos cunha sociedade en continua evolución na que a escola non é o único referente educativo, senón que a maioría das familias buscan actividades extraescolares de todo tipo para completar a formación educativa dos seus fillos e fillas.



XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

XUSTIFICACIÓN LEGAL DA MODIFICACIÓN DA XORNADA ESCOLAR DO CENTRO

Para a implantación da Xornada Continua en sesión única de mañá, seguimos as directrices marcadas na lexislación vixente:

- **Orde do 29 de maio de 2008** pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá ou mixta nas escolas de educación infantil, colexios de educación infantil e primaria, colexios rurais agrupados, centros públicos integrados, centros de educación especial e centros privados concertados. (DOG, 06/06/08).
- **Capítulo V. punto 2.1.5. da Orde do 22 de xullo de 1997** pola que se regula a organización e funcionamento dos centros de infantil e primaria. (DOG, 02/09/97). Páx. 684

XUSTIFICACIÓN DA SESIÓN ÚNICA DE MAÑÁ

Nos cursos 2012/2013 e 2013/2014 na Comunidade Educativa do Centro xurde a inquietude de realizar o cambio da xornada partida a unha xornada continua de mañá. Non se pode levar a cabo por incompatibilidade con transporte escolar.

Neste curso escolar 2014/2015 pretendemos solicitala cunha variación horaria nas saídas que resolva dito impedimento.

VANTAXES

ALUMNADO:

- Mellora do rendemento académico do alumnado, racionalizando o horario e aproveitando mellor as últimas sesións.
- Mellor aproveitamento do seu tempo de lecer e as súas horas de estudo,
- Permite unha vida familiar e escolar máis organizada, conciliando a vida familiar e escolar.



- Mellora o nivel educativo ao aumentar a oferta de actividades formativas de carácter complementario.
- Mellor distribución das actividades. Pola mañá, para as curriculares e pola tarde, para as extraescolares.
- Pode realizar as actividades extraescolares cun horario máis flexible.
- Favorece o dereito que teñen os nenos e nenas a gozar do tempo de lecer.
- Desenvolven os aspectos curriculares en xornada de mañá onde se aproveita mellor a súa capacidade de atención.
- Posibilita unha educación máis integral xa que da a posibilidade de elixir con máis liberdade diferentes propostas que se lles poida plantexar.

FAMILIAS:

Entendemos que a familia é o primeiro axente socializador onde o suxeito nace e se desenvolve. Polo tanto, se conseguimos unha melloría nos tempos da vida familiar:

- Axudaríamos a un mellor coñecemento dos fillos e fillas no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Mellora as relacións escola-contorna, creando actitudes máis abertas, positivas, colaborativas, participativas...

OUTRAS VANTAXES:

- Maior aproveitamento das instalacións públicas, xa que o centro permanecerá aberto durante máis horas para o seu uso.
- As institucións terán a posibilidade dunha maior participación.
- Economízanse recursos humanos e materiais cunha mellor planificación das actividades.



NIVEIS EDUCATIVOS E PERSOAL DOCENTE

GRUPOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA FUNCIONANDO NO CURSO 2014 - 2015

NIVEL		GRUPOS	
		A	B
EDUCACIÓN INFANTIL	3 anos		
	4 anos		
	5 anos		
EDUCACIÓN PRIMARIA	1º ciclo	1º nivel	
		2º nivel	
	2º ciclo	3º nivel	
		4º nivel	
	3º ciclo	5º nivel	
		6º nivel	

- Total grupos en Educación Infantil: **03**
- Total grupos en Educación Primaria: **09**



PERSOAL DOCENTE:

Especialidade	Número de profesores
• Ed. Infantil	04
• Ed. Primaria	07
• F.F	01
• F.I.	02
• E.F.	01
• E.M.	01
• P.T.	01
• A.L.	01
• Dto. Orientación	01 compartido
• Relixión católica	01 compartida
• Apoio	00
TOTAL	20

NÚMERO DE ALUMNOS ESCOLARIZADOS

NIVEL		Curso 14-15	Grupos e alumnos por nivel		
			A	B	
EDUCACIÓN INFANTIL	3 anos	16	16		
	4 anos	15	15		
	5 anos	11	11		
EDUCACIÓN PRIMARIA	1º ciclo	1º nivel	23		
		2º nivel	21		
	2º ciclo	3º nivel	27	14	13
		4º nivel	34	16	18
	3º ciclo	5º nivel	17	17	
		6º nivel	33	17	16
TOTAL		197			

- Alumnos transportados: **185**
- Usuarios do comedor escolar: **196**



HORARIOS PROPOSTOS

HORARIO LECTIVO PROPOSTO PARA O CURSO 2015-2016:

- **LUNS E XOVES:**
 - De 9:30 a 16:30 horas.
- **MARTES, MÉRCORES E VENRES:**
 - De 9:30 a 15:45 horas.

CADRO DE HORARIO LECTIVO DE SETEMBRO A XUÑO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Docente	9:30 a 14:30	9:30 a 14:30	9:30 a 14:30	9:30 a 14:30	9:30 a 14:30
Comedor¹	14:30 a 15:45	14:30 a 15:45	14:30 a 15:45	14:30 a 15:45	14:30 a 15:45
Saída Transporte escolar	16:30	15:45	15:45	16:30	15:45

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

1ª sesión²	15:30 – 16:30	15:30 – 16:30	15:30 – 16:30	15:30 – 16:30	15:30 – 16:30
2ª sesión	16:30 – 17:30	16:30 – 17:30	16:30 – 17:30	16:30 – 17:30	16:30 – 17:30

¹ Ás 14:30 horas, os pais e nais que queiran, poderán vir buscar aos seus fillos e fillas ao Centro xa que ata o seguinte día non volverá haber horario lectivo.

² Este horario depende da contratación, por parte do Concello, dos diferentes monitores.



OBXECTIVOS

A autonomía organizativa do centro, nun aspecto tan importante como é a regulación da xornada escolar, precisa estar ben fundamentada e por iso a de ter en conta criterios psicolóxicos, pedagóxicos, organizativos e de tipo social

OBXECTIVOS XERAIS:

- Conciliar a vida educativa coa vida laboral e familiar.
- Ofrecer un horario máis aberto que facilite a asistencia ás actividades ás que polos horarios anteriores non se podía asistir.
- Ofrecer un maior abanico de atención a pais e nais.
- Mellor acceso ás actividades complementarias.

PSICOLÓXICOS E PEDAGÓXICOS

- Considerar ao centro escolar como un lugar de traballo ao tempo que se descubre como un entorno lúdico_educativo.
- Aproveitar as tardes, en especial no período invernal.
- Posibilitar o acercamento dos nenos ás familias.
- Reducir de xeito considerable os tempos de patio despois da comida. Isto é importante, dado que a climatoloxía é, durante bastantes meses, adversa.
- Favorecer o aproveitamento e rendemento académico dentro da xornada de mañá. Polas tardes acúsase máis a fatiga.
- Evitar a dispersión e esforzo de recuperar a concentración para o desenvolvemento das actividades que causan as dúas horas que separan os dous períodos lectivos actuais entre as 13:00 e 15:00 horas.
- Aumentar o tempo de traballo real xa que reducimos o número de saídas e entradas.
- As últimas sesións da mañá serían de maior rendemento escolar que pola tarde.
- O alumnado terá períodos máis continuos tanto para o estudo como para desenvolver outra serie de habilidades e capacidades (xogos, lectura, música...)
- Ao concentrarse as actividades de tipo académico durante a xornada de mañá, a tarde quedaría para o tempo de lecer e disfrute persoal ou tarefas escolares.
- Posibilitar unha ampla oferta de distintas actividades tanto lúdicas como educativas que poidan complementar a formación.



ORGANIZATIVOS

- Aprender a facer un uso máis racional do seu tempo.
- Maior implicación do profesorado, xa que a xornada continua favorece o perfeccionamento e reciclaxe do profesorado no horario da tarde.
- Reducir as molestias que supón para as familias que teñen que acompañar aos seus fillos e fillas catro veces ao día ao colexio.
- Aproveitar de xeito óptimo os recursos e instalacións do Centro: tanto as dependencias como os recursos materiais de que dispón.
- Manter os servizos e prestacións educativas do colexio, á vez que aumentar o número de actividades que o alumnado pode realizar fóra do horario lectivo.

DE TIPO SOCIAL

- Facilitar o descanso despois de comer, en especial para os alumnos/as de Educación Infantil, que poden beneficiarse de períodos de sesta na casa,
- Posibilitar á toda a Comunidade Educativa unha mellora na calidade de vida.
- Adaptar o horario escolar ao horario laboral dos pais.
- Unificar o horario de tódolos meses do curso académico. Neste momento cambiamos os meses de setembro e xuño.
- Favorecer que o alumnado pase un maior tempo coas súas familias, o que favorece as relacións familiares.



ORGANIZACIÓN DO CENTRO CO NOVO TIPO DE XORNADA

AGRUPAMENTO DO ALUMNADO

- Durante o horario lectivo a mesma organización que figura no apartado dos niveis educativos impartidos no Centro.

HORARIO DAS SESIÓNS DOCENTES

1ª SESIÓN	DE 9:30 A 10:20
2ª SESIÓN	DE 10:20 A 11:10
3ª SESIÓN	DE 11:10 A 12:00
RECREEO	DE 12:00 A 12:30
PLAN LECTOR	DE 12:30 A 13:00
4ª SESIÓN	DE 13:00 A 13:45
5ª SESIÓN	DE 13:45 A 14:30



ORGANIZACIÓN DO PROFESORADO

Horario lectivo durante todo o curso académico:

De 9:30 a 14:30 horas.

Horario de permanencia no Centro

– Dedicación ó centro:

- a) **Os martes** permanecerá no Centro a totalidade do profesorado de 16:00 a 19:00 coa seguinte distribución de tarefas:

De 16:00 a 17:00 :

- Visitas e reunións de pais.

De 17:00 a 18:00 :

- 1º martes: Reunión de niveis educativos.
- 2º martes: Reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- 3º martes: Reunión do Departamento de Orientación.
- 4º martes: Reunión Normalización Lingüística e demais dinamizacións...

De 18:00 a 19:00 :

- Dinamizacións.
- Reunións informativas, de Claustro, Consello Escolar, programacións didácticas e calquera outra reunión precisa para o bo funcionamento do Centro.

- As reunións de Claustro e Consello faranse os martes, sempre e cando fose posible ou en calquera día e hora se é preciso.
- O resto de días da semana unha quenda de profesores permanecerá no Centro para atender á Biblioteca e estar atentos a calquera problema que poida xurdir de acordo coa normativa vixente. En todo, caso garantirase a presenza polas tardes de profesorado que ostente a representación oficial do Centro.



ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Os alumnos/as teñen garantidos os servizos de comedor e transporte nas mesmas condicións que ate o de agora.

HORARIO DO TRANSPORTE

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Entrada	9:30	9:30	9:30	9:30	9:30
Saída	16:30	15:45	15:45	16:30	15:45

HORARIO DE COMEDOR

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Entrada	14:30	14:30	14:30	14:30	14:30
Saída	16:30	15:45	15:45	16:30	15:45

Entendemos que o Comedor Escolar é un servizo educativo complementario, que debe atender á consecución de obxectivos relacionados coa saúde, a convivencia e o ocio tal como aparecen reflectidos na PXA do centro no apartado do Regulamento do Comedor Escolar.

Neste Proxecto continúaase coa organización seguida ata agora: o comedor será de xestión directa, administrado pola dirección do Centro, un encargado ou encargada de comedor e os oito colaboradores ou colaboradoras correspondentes.

Como novidade, **tódolos** días, os cuidadores e cuidadoras do Comedor Escolar encargaranse de levar aos alumnos e alumnas que **estean anotados nas actividades extraescolares** que coincidan co horario da primeira sesión (15:30 horas) ata o lugar, **do recinto escolar** no que se desenvolva dita actividade. Os **martes e xoves**, que hai transporte escolar ás 16:30, tamén os recollerán para que **regresen** a casa no transporte escolar. Os demais días, serán os pais/nais/titores os responsables de recollelos.³

³ Se os alumnos e alumnas saíron ás 14:30 (despois da xornada lectiva), serán os pais os encargados de levalos ás actividades extraescolares.



ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES A REALIZAR UNHA VEZ IMPLANTADA A XORNADA ÚNICA.

- **Condições**
 1. Neste primeiro ano as actividades extraescolares, deportivas e culturais, serán impartidas polos monitores do Concello.
 2. Sen prexuízo do anterior, a ANPA, o propio Centro e distintas asociacións, poderán ofertar outro tipo de actividades, sendo potestade do Consello Escolar do Colexio a súa aceptación.
 3. Na Programación Xeral Anual concretarase o horario de apertura da biblioteca do Centro polas tardes así como as actividades a desenvolver nela.
 4. Durante o tempo que duren as actividades extraescolares, haberá profesorado no Centro, o cal ostentará a representación oficial do mesmo.
 5. Os espazos nos que se levarán a cabo as distintas actividades serán os que dispón o Centro e o propio Concello.
- As actividades garantidas polo **Concello** durante o curso académico 2015 - 2016 serán, como mínimo, as seguintes:

Actividades deportivas ⁴	Actividades culturais ⁵
<ul style="list-style-type: none">• Pequemotricidade e Predeportiva (3 a 5 anos)• Judo (4 a 15 anos)• Patinaxe artística (4 a 15 anos)• Ximnasia rítmica (6 a 15 anos)• Fútbol sala (6 a 13 anos)• Minibasquet (6 a 11 anos)• Baloncesto (12 a 15 anos)• Kick Boxing (a partir de 6 anos)• Zumba (6 a 15 anos)	<ul style="list-style-type: none">• Teatro (4 a 11 anos)• Música (6 a 11 anos)• Informática didáctica (4 e 5 anos)• Danza (6 a 16 anos)• D'Arte (6 a 15 anos)• Cociña (9 a 14 anos)

⁴ Estas actividades poderán sufrir lixeiros cambios en función das diferentes contratacións dos monitores por parte do Concello.

⁵ Estas actividades poderán sufrir lixeiros cambios en función das diferentes contratacións dos monitores por parte do Concello.



HORARIO DA BIBLIOTECA

- Os luns, mércores, xoves e venres, a **Biblioteca Escolar** abrirá de 15:30 a 17:30 e estará atendida por dous mestres ou mestras para que o alumnado a poida utilizar como sala de lectura e de consulta e, ao mesmo tempo para estudar e facer tarefas.
- Os martes o horario será de 15:30 a 16:30.



REFLEXIÓN FINAL

A idea deste Proxecto de cambio de xornada xurde polo interese amosado pola maioría dos sectores da Comunidade Educativa: os pais e nais, a ANPA, o Claustro de mestres e o Consello Escolar que os reúne a todos.

Creemos que os horarios de funcionamento dos centros deben ser tratados dentro dun contexto global de xornada escolar, diferenciando a do centro, a do profesorado e a do alumnado, de maneira que as actividades lectivas desenvólvanse en horario continuo de mañá e, no resto do horario, poida levarse a cabo unha programación extraescolar acorde coas características propias de cada centro, cunha planificación axeitada que garanta todos os servizos escolares, respectando sempre o transporte e comedor escolar.

A experiencia doutros centros que teñen implantado este modelo, mostran un alto grao de satisfacción de toda a comunidade educativa, que permite aproveitar mellor o reparto do tempo para realizar polas tardes outras actividades educativas enriquecedoras dirixidas por monitores cualificados, utilizando as instalacións cun maior aproveitamento dos espazos e dos tempos.

As vantaxes parécennos evidentes, porque permiten un horario máis racional. Permiten planificar mellor o tempo de estudo e de lecer, xa que ofrece un abano máis amplo de posibilidades ás familias, garantindo a posibilidade de participación dun maior número de alumnos e alumnas. Tamén creemos que favorece a convivencia familiar e a conciliación da mesma, ofrecendo uns horarios máis abertos e con mellores posibilidades.

Para rematar, a función docente exerce de xeito máis racional, ao equilibrar os horarios, permitindo un espazo flexible pola tarde para reunións. Permite tamén un maior aproveitamento dos recursos existentes no mundo educativo.

Ponteceso, a 15 de xaneiro de 2015